

Galicia de datas 5 e 6 de outubro de 2004. Non foron presentadas alegacións, conforme o certificado incluído para o efecto no expediente.

No expediente consta o informe proposta do técnico e xurídico municipal favorable á aprobación provisional do proxecto do 18-11-2004.

O Pleno da Corporación, en sesión do 20 de decembro de 2004, acordou aprobar provisionalmente o proxecto de modificación, remitíndoo a esta consellería para a súa aprobación definitiva.

O Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña requiriu a reparación das deficiencias documentais observadas o 17 e 28 de xaneiro de 2005, presentando o concello a última documentación o 16 de febreiro de 2005.

A modificación mantén a totalidade das determinacións da ordenación definitiva establecida polo plan xeral no plano nº 5 Clasificación, cualificación e regulación do solo e da edificación no solo urbano e de núcleo rural. Rede viaria e aliñacións (norma zonal, aliñacións, fondos e alturas), polo que non incrementa a intensidade do uso, limitándose a modificar a delimitación do ámbito, denominado no plan xeral polígono H4.04 Atocha Alta II, corrixindo na ficha do polígono as cifras da superficie total e do aproveitamento lucrativo total.

De conformidade co réxime do solo urbano consolidado establecido na Lei 9/2002, o seu artigo 111 prohibe ao plan xeral definir en solo urbano consolidado áreas de reparto e calquera outro instrumento ou técnica de distribución de cargas e beneficios, sen prexuízo do contido dos dereitos e obrigas dos propietarios desta clase de solo recollidos no artigo 19 a) desta lei; xa que logo, a virtualidade da zona delimitada cinguese ao disposto no citado artigo 19 a) en relación co artigo 122. En consecuencia a denominada ficha do polígono ten o carácter de ficha-resumo sen valor normativo.

A competencia para adoptar esta decisión correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio de conformidade co disposto no artigo 85.5º da Lei 9/2002.

Por canto antecede, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo, desta mesma data,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar definitivamente, nos termos sinalados nos fundamentos expostos, a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Coruña no ámbito de solo urbano consolidado denominado polígono H4.04 Atocha Alta II, aprobada provisionalmente en sesión plenaria do 20 de decembro de 2004.

Disposición derradeira

Segundo o disposto no artigo 85.9º da citada Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en

vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 6 de xuño de 2005 pola que se convocan prazas para residencia de educadores en prácticas en centros de atención a menores dependentes desta consellería.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23º atribúelle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

O Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, no seu artigo 1º asígnalle as competencias sobre protección de menores á citada consellería.

Coa realización desta convocatoria preténdese favorecer os estudantes con dificultades económicas para o seu acceso ao ensino universitario ou aos estudos de formación profesional de grao superior e os licenciados universitarios que están realizando estudos de doutoramento e os técnicos superiores de formación profesional ao mesmo tempo que se dotan de apoio no eido educativo e asistencial aos centros de atención de menores que se relacionan no anexo II desta orde.

Para este fin destínase un crédito de 50.760 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212B.228, que figura cunha dotación económica de 7.368.897 € nos estados de gastos do orzamento para o ano 2005 establecidos na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 253, do 30 de decembro).

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas para a debida aplicación dos créditos

orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Convocar a cobertura de 36 prazas para residencia de educadores en prácticas para o curso escolar 2005-2006 nos centros de internado de menores dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, segundo o número e distribución que figura no anexo II desta orde.

Artigo 2º.-Condições dos solicitantes.

Son requisitos para participar na convocatoria os seguintes:

a) Ser español/a ou nacional de calquera país membro da Unión Europea, legalmente establecido en España e con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non ter cumpridos os 26 anos, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

c) Estar cursando estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior ou ter finalizados estes estudos.

d) Non ter perdido con anterioridade a condición de educador en prácticas por causa imputable ao solicitante.

e) Non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. Os interesados deberán cubrir a solicitude que figura no anexo I, podendo optar soamente por centro/s dunha mesma provincia, remítala e presentala na delegación provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado que corresponda, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Xunto coa solicitude presentarán así mesmo os seguintes documentos:

a) Xustificación de ingresos da unidade familiar: copia da declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar.

No caso de non ter obriga de presentar declaración:

-Os solicitantes de devolución rápida (Mod. 104) achegarán copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria en aplicación do artigo 100 do Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

-As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan devolución rápida (Mod. 104) achegarán certificación dos datos existentes na Administración, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, en aplicación do artigo 16 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

b) Orixinal ou fotocopia compulsada do expediente académico.

c) Proxecto sobre un taller para realizar cos menores dos centros que se soliciten.

d) Fotocopia compulsada dos certificados que acrediten a experiencia en traballo e intervención educativa cos menores na correspondente área, animación sociocultural e coñecementos específicos en materia físico-deportiva.

e) Fotocopia compulsada da matrícula en facultades, escolas universitarias ou centros de formación profesional e/ou do título que acredite os estudos realizados.

f) Acreditación, se é o seu caso, da condición de educador en prácticas en anos anteriores dalgún centro de menores dependente na actualidade desta consellería.

g) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante ou da tarxeta de residencia en réxime comunitario no suposto de nacionais da Unión Europea ou do espazo económico europeo legalmente establecidos en España.

h) Certificado médico que acredite non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.

i) Declaración de non realizar actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea, nin recibir bolsas equiparables ás desta convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, os interesados disporán dun prazo de dez días para emendar calquera falta ou achegar os documentos preceptivos nos termos que establece o artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-Dereitos dos adxudicatarios.

A concesión da praza comporta para o/a educador/a en prácticas:

a) Aloxamento e mantenza gratuítos no centro desde o comezo das prácticas. O aloxamento será de tal xeito que lle permita ao/á educador/a en prácticas a normal realización dos seus estudos.

b) A asunción pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado dos gastos seguintes:

-Custos de matrícula de estudos universitarios ou de formación profesional, ou nun curso de doutoramento, posgrao ou mestrado, ata un importe de 210 euros, logo da xustificación.

-Custos pola adquisición de libros relacionados cos estudos cursados, ata un importe de 120 euros, logo da xustificación.

c) A asunción pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado de ata 120 euros/mes durante nove meses en concepto de bolsa, logo da xustificación polo director do centro da realización das prácticas como educador/a nos meses correspondentes.

d) A obtención, unha vez rematada a estada no centro, dun diploma acreditativo das prácticas realizadas, que lle entregará o/a delegado/a provincial da consellería, logo do informe favorable do director do centro.

e) Solicitando das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, no caso de ser alumno delas, o recoñecemento de 2 créditos de libre elección curricular.

Para o recoñecemento destes créditos, os alumnos deberán presentar nas universidades que lles correspondan a seguinte documentación:

-Diploma ou certificación acreditativa da superación das prácticas realizadas.

-Unha memoria da actividade realizada no centro.

Estes créditos recoñeceranse como de libre configuración curricular, sen que sexa posible superar os límites que para estes efectos establecen os correspondentes plans de estudos.

Artigo 5º.-Obrigas dos adxudicatarios.

A condición de educador en prácticas obriga ao adxudicatario dunha praza ao seguinte:

a) A realizar as tarefas relacionadas coas prácticas, que a dirección do centro lle encomende, en horario de actividade extraescolar. Estas deberanse realizar de tal xeito que sexan compatibles co aproveitamento académico do propio educador en prácticas.

b) A gardar absoluta confidencialidade sobre os datos persoais e familiares a que teña acceso como consecuencia das actividades realizadas e documentación observada nas unidades en que realice as prácticas.

c) Os datos obtidos ou observados, de que se teña constancia por medio das prácticas realizadas, relativos ás diferentes materias xurídico-administrativas referentes aos centros (funcionamento, actividades, programas, persoal, etc.) que se puidesen coñecer e utilizar en traballos de natureza académica non poderán facerse públicos de ningún xeito e, por suposto, en ningún medio de comunicación público

ou privado, agás que a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado o autorice expresamente.

d) A presentar unha memoria da actividade realizada no centro cando remate o período de prácticas e estancia no centro, que será remitida á delegación provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da provincia onde radique o centro en que o bolseiro teña desenvolvido as prácticas.

Artigo 6º.-Duración das prácticas.

A duración das prácticas, e polo tanto as estancias nos centros dos adxudicatarios das prazas, será do 1 de outubro de 2005 ao 30 de xuño de 2006.

Artigo 7º.-Procedemento para a avaliación das solicitudes.

Para a adxudicación das prazas procederase da seguinte maneira:

1. Constituirase unha comisión por cada provincia onde se sitúen os centros, presidida polo respectivo xefe de Servizo de Familia, Infancia e Menores e actuando como vogais, un funcionario designado polo delegado provincial e os directores dos centros que deban recibir os educadores en prácticas.

2. A dita comisión examinará as solicitudes presentadas, valorando no seu conxunto os seguintes datos:

a) Expediente académico relativo á formación exixida (de 0 a 5 puntos).

b) Experiencia en animación sociocultural e coñecementos específicos en actividades deportivas (de 0 a 2 puntos).

c) Experiencia en traballo e intervención educativa de menores (de 0 a 2 puntos).

d) Situación económica da unidade familiar (de 0 a 6 puntos).

e) Ter sido educador en prácticas dalgún centro de atención a menores dependente na actualidade desta consellería (de 0 a 5 puntos).

f) Entrevista persoal na cal se terán en conta as aptitudes e actitudes persoais para a función que se vai desempeñar (de 0 a 10 puntos).

A puntuación máxima será de 30 puntos.

3. Terán prioridade os solicitantes que estean cursando ou teñan rematado os estudos de psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, mestres de educación primaria ou educación física, traballo social, educación social, técnicos superiores en animación sociocultural/animación de actividades físicas e deportivas/integración social.

4. A comisión competente confeccionará unha lista, por orde de preferencia, das solicitudes recibidas para cada centro, elevando a correspondente proposta de resolución ao delegado provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado no prazo máximo de quince días, contados a partir do remate do prazo de presentación das instancias.

Se algún solicitante fose seleccionado como educador en prácticas para máis dun centro, seralle comunicada tal circunstancia, para que nun prazo non superior a 10 días desde a data de comunicación, opte por un dos centros en que foi seleccionado.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución correspóndelle ao delegado provincial da consellería que a dita, logo da fiscalización da intervención, e comunicáraselles tanto aos centros como a todos os solicitantes. O prazo máximo para resolver será de 3 meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de non existir resolución expresa, transcorrido o prazo as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución establecerá os bolseiros adxudicatarios e suplentes por orde de puntuación. Estes últimos serán chamados automaticamente e pola orde establecida, cando por algunha circunstancia algún dos adxudicatarios non reunise os requisitos e condicións de adxudicación, non puidese formalizar a aceptación da bolsa ou, unha vez iniciadas as actividades, non continuase na execución delas.

Excepcionalmente e por causas de índole académica, debidamente xustificadas e que serán ponderadas pola comisión provincial de valoración, como pode ser o traslado de matrícula a outra universidade, se houberse prazas vacantes en centros doutras provincias, o aspirante podería optar por solicitar estas.

2. Os seleccionados terán un prazo de 10 días desde a notificación da concesión da praza para acreditar a domiciliación bancaria, para os efectos do pagamento, así como calquera outra documentación alegada na solicitude, que lle fose requirida pola delegación provincial correspondente.

A non presentación en prazo da acreditación referida ou a non suficiente acreditación dos méritos alegados na solicitude suporá a perda do dereito á praza, procedéndose a adxudicar esta ao seguinte solicitante que figura por orde de puntuación na lista confeccionada inicialmente.

3. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha vacante nas prazas ofertadas.

4. No caso de non haber solicitudes para determinado centro ou se as que houberse fosen valoradas negativamente, a praza de educador/a será considerada deserta.

5. Unha vez lle sexa asignada a praza de educador/a en prácticas nun centro determinado, deberase pór en práctica o proxecto presentado para ese centro.

Artigo 9º.-Natureza da relación entre o educador en prácticas e a Xunta de Galicia.

A concesión da praza non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra orde entre a Xunta de Galicia e o adxudicatario.

Artigo 10º.-Perda da condición de educador en prácticas.

1. A condición de educador en prácticas extínguese ao rematar o curso académico na data fixada no artigo 6º desta convocatoria, así como por renuncia expresa do interesado.

Así mesmo, o incumprimento por parte do educador das obrigas a que se refire esta orde, a ausencia inxustificada, o non cumprimento da disciplina do centro, a obtención da praza sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou a non utilización coa finalidade para a que foi concedida, serán causas da perda da condición de educador en prácticas para todos os efectos.

2. A resolución pola que se acorde esta circunstancia correspóndelles aos delegados provinciais desta consellería logo da instrución do oportuno expediente de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Familia para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2005.

Pilar Rojo Nogueira
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDIMENTO PRAZAS DE EDUCADORES EN PRÁCTICAS PARA CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO FM424A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELLIDOS		NOME	
LUGAR E DATA DE NACEMENTO			
DOMICILIO ACTUAL			
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	

	CENTROS SOLICITADOS	PROVINCIA	LOCALIDADE
1º			
2º			

DATOS ACADÉMICOS

TÍTULOS QUE POSÚE
ESTUDOS REALIZADOS DURANTE OS CURSOS 2002-2003 E 2003-2004
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NOS CURSOS 2002-2003 E 2003-2004
CENTRO/S EN QUE OS REALIZOU
OUTROS COÑECEMENTOS OU TÍTULOS (CULTURAI, DEPORTIVOS)
CENTRO EN QUE EFECTÚA A MATRÍCULA
RAZÓNS POLAS QUE SOLICITA A PRAZA
FOI EDUCADOR EN PRÁCTICAS NOUTROS CURSOS? SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

XURO / PROMETO

Que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e comprométo-me, se son seleccionado/a, a presentar a documentación acreditativa que sobre eles se solicite.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 6 de xuño de 2005 pola que se convocan prazas para residencia de educadores en prácticas en centros de atención a menores dependentes desta consellería.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado/a provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR SEGUNDO O INDICADO NO ARTIGO 3º PUNTO 2

- A) XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR.
- B) ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
- C) PROXECTO SOBRE UN TALLER PARA REALIZAR COS MENORES DOS CENTROS QUE SE SOLICITEN.
- D) FOTOCOPIA COMPULSADA DOS CERTIFICADOS QUE ACREDITEN A EXPERIENCIA EN TRABALLO E INTERVENCIÓN EDUCATIVOS COS MENORES, ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS EN MATERIA FÍSICO-DEPORTIVA.
- E) FOTOCOPIA COMPULSADA DA MATRÍCULA EN FACULTADES OU ESCOLAS UNIVERSITARIAS E/OU DO TÍTULO QUE ACREDITE OS ESTUDOS REALIZADOS.
- F) ACREDITACIÓN, SE É O CASO, DA CONDICIÓE DE EDUCADOR EN PRÁCTICAS EN ANOS ANTERIORES DALGÚN CENTRO DE MENORES DEPENDENTE NA ACTUALIDADE DESTA CONSELLERÍA.
- G) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE DO SOLICITANTE OU TARXETA DE RESIDENCIA EN RÉXIME COMUNITARIO NO SUPOSTO DE NACIONAIS DA UNIÓN EUROPEA OU DO ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO LEGALMENTE ESTABLECIDOS EN ESPAÑA.
- H) CERTIFICADO MÉDICO QUE ACREDITE NON PADECER DEFECTO FÍSICO QUE IMPIDA O DESENVOLVEMENTO NORMAL DA ACTIVIDADE DO CENTRO.
- I) DECLARACIÓN DE NON REALIZAR ACTIVIDADES PROFESIONAIS REMUNERADAS POR CONTA PROPIA OU ALLEA, NIN RECIBIR BOLSAS EQUIPARABLES ÁS DESTA CONVOCATORIA.

ANEXO II**Relación de centros e prazas de educadores en prácticas**

Provincia	Centro	Localidade	Nº prazas
A Coruña	Centro Virxe do Carme	Ferrol	3
A Coruña	Colexio San José de Calasanz	A Coruña	3
A Coruña	Residencia de estudo Soutomaio	Ferrol	4
A Coruña	Centro de menores Xoán Vicente Viqueira	Santiago de Compostela	2
A Coruña	Centro de menores Fogar de Cecebre	Abegondo (Crendes)	1
Lugo	Centro educativo Santo Anxo da Garda	Rábade	2
Lugo	Centro educativo Virxe dos Ollos Grandes	Lugo	2
Ourense	Centro educativo Montealegre	Ourense	3
Ourense	Residencia de estudos A Carballeira	Ourense	8
Pontevedra	Centro especial Avelino Montero	Pontevedra	4
Pontevedra	Centro de menores de Marín	Marín	1
Pontevedra	Centro fogar San Paio	Vigo	3
Total de prazas			36

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Instrución técnica de residuos ITR/01.0/04, do 2 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á xestión de residuos de elaboración de rocas ornamentais.

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ten atribuídas, entre outras, as competencias referidas á xestión de residuos sólidos orixinalados por actividades industriais. Dentro deste grupo de residuos pode identificarse un conxunto resultante da actividade de elaboración de rocas ornamentais, fundamentalmente debido ao proceso de corte primario de bloques de granito, mármore e rocas ornamentais asimiladas, así como ao subseguinte proceso de corte secundario ata chegar aos produtos comerciais.

Estes residuos non perigosos caracterízanse por unha notable concentración da produción, reflexo da estrutura produtiva do sector, e unhas características físicas e químicas que reflicten a composición orixinal das rocas, e que polo tanto teñen unhas características moi estables, que se apartan notablemente doutros tipos de residuos industriais non perigosos ata levalos á consideración de residuos non perigosos inertes (RNPI).

A importancia en volume destes residuos, cifrados en máis de 300.000 t/ano só para o sector do granito, a necesidade de definir un operativo de xestión sinxelo e consistente co marco normativo de protección ambiental e de xestión desta tipoloxía de residuos, entre os que destaca a consideración de residuos inertes de acordo co previsto na decisión do Consello 2003/33/CE, levaron a estruturar mediante presente Instrución Técnica de Residuos as condicións baixo as que os ditos residuos serán asimilados á condición de inertes, así como os procedementos regulados de produción, transporte e destino final que lles serán de aplicación.

Bases normativas da ITR

As bases normativas xerais nas que se apoia a presente ITR son a lexislación básica estatal de residuos, a lexislación autonómica en materia de residuos, así como as estratexias europea e galega en xestión de residuos. En aplicación desta última destácase a necesidade de apoiar as medidas de minimización na produción de residuos, así como estimular no posible a valorización dos residuos.

Como base normativa específica destácanse os criterios da decisión do Consello 2003/33/CE, do 19 de decembro de 2002, sobre valores límites de lixiviación de residuos non perigosos inertes.

Por outro lado hai que considerar o R.D. 1481/2001 polo que se regula a eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiro, que exclúe do seu ámbito de aplicación o depósito de solo sen contaminar ou de residuos non perigosos inertes procedentes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais así como do funcionamento de canteiras.